



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Literatura Inglesa 1	Código	613G03010	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Inglés			
Prerrequisitos				
Departamento	Filloxía Inglesa			
Coordinación	Estévez Saá, José Manuel	Correo electrónico	jose.manuel.estevez.saa@udc.es	
Profesorado	Cabarcos Traseira, María Jesus Estévez Saá, José Manuel	Correo electrónico	maria.jesus.cabarcos@udc.es jose.manuel.estevez.saa@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia ofrece unha visión panorámica e contextualizada da literatura inglesa dende as súas orixes ata finais do século XVII. Estúdanse obras literarias de diversos xéneros e estilos en lingua inglesa e analízanse diferentes aspectos das obras estudadas aplicando fundamentos básicos da crítica literaria.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Adquirir unha visión diacrónica da literatura inglesa dende as súas orixes ata finais do século XVII.	A7 A17	B3 B7 B8	C2
Ler na versión orixinal inglesa obras literarias de diversos xéneros e estilos.	A6 A7	B6	C2
Analizar diferentes aspectos das obras estudadas aplicando fundamentos básicos da crítica literaria.	A1 A2 A6 A7 A15	B7	C2 C4
Elaborar, individualmente ou en grupo, traballos escritos de diversa índole en lingua inglesa.	A1 A6 A9 A15	B2 B4 B6 B7	C2 C4
Expoñer, oralmente e / ou por escrito, ideas, opinións e interpretacións críticas razoadas.	A2 A6	B4 B6	C2
Manexar a lingua inglesa con corrección tanto de forma oral como escrita nas actividades do curso.	A6	B4	C2 C7

Contidos	
Temas	Subtemas
1. ¿Qué é a literatura? ¿Qué é a literatura inglesa? / What is literature? What is English literature?	1.1. The English canon. 1.2. Periodisation.



2. Introdución á historia da literatura inglesa anterior ao século XI. / Introduction to English literature prior to the eleventh century.	2.1. Sociocultural context. 2.2. Oral literature and manuscripts. 2.3. Epic and elegiac poetry. 2.4. Prose and translations.
3. Literatura inglesa medieval. / Medieval English literature.	3.1. Sociocultural context. 3.2. Authorship. 3.3. Cultural institutions. 3.4. Linguistic conflict.
4. Chaucer e os séus contemporáneos. / Chaucer and his contemporaries.	4.1. Gower and the Gawain poet. 4.2. Geoffrey Chaucer and his work. Reading:
5. O teatro relixioso inglés. / Religious English drama.	5.1. Origins of English drama. 5.2. Mystery and morality plays.
6. A lírica inglesa dos séculos XIV e XV. / Medieval poetry of the fourteenth and fifteenth centuries.	6.1. Medieval lyric poetry. 6.2. Courtly love. 6.3. Medieval romances.
7. Poesía do século XVI. / Poetry of the sixteenth century.	7.1. Introduction: Humanism, patronage and the court. 7.2. The sonnet and sonnet sequences. 7.3. Wyatt and Surrey. 7.4. Sidney, Spenser and Shakespeare.
8. O teatro isabelino. / Elizabethan theatre.	8.1. The Elizabethan stage: Buildings, conventions and type of plays. 8.2. Christopher Marlowe and William Shakespeare.
9. A poesía metafísica. / Metaphysical poetry.	9.1. Cavalier vs. Metaphysic poets. 9.2. John Donne and Andrew Marvell.
10. A prosa do século XVII. / Prose of the seventeenth century.	10.1. Religious writing. 10.2. Autobiography and diaries. 10.3. Travel writing.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Discusión dirixida	14	0	14
Lecturas	0	45	45
Sesión maxistral	21	0	21
Traballos tutelados	0	45	45
Seminario	7	14	21
Atención personalizada	4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida	Nunha materia de literatura, o debate é unha ferramenta indispensable para a profundización e a asimilación dos contidos, para o contraste de ideas e interpretacións. Pode ter lugar ocasionalmente na clase en conxunto nas horas de D.E. (docencia expositiva) ou en grupos pequenos nas de T.G.R. (titorización de grupos reducidos) pero principalmente será a metodoloxía arredor da que se estruturan as horas asignadas a D.I. (docencia interactiva).
Lecturas	Para unha materia de literatura é esencial que cada estudante se responsabilice de ter feitas as lecturas asignadas para cada día antes de entrar na aula. En Literatura Inglesa I, o calendario de estudo de documentos e lectura de textos (maioritariamente) literarios darase a coñecer tanto na clase como na plataforma moodle. É igualmente responsabilidade de cada estudante estar ao tanto das posibles modificacións relativas tanto ao temario como ao desenvolvemento da materia.



Sesión maxistral	Nas horas asignadas a D.E., o profesor exporá os contidos teóricos relativos á literatura inglesa desde os seus orixes ata finais do século XVII, así como os conceptos básicos cos que se van analizar. Todos estes contidos desenvolveranse despois nas clases de D.I. e T.G.R.
Traballos tutelados	Individualmente e en grupos pequenos, o alumnado deberá levar a cabo traballos de tipo diverso (resumos, análises, ensaios, respostas breves, controis de lecturas, etc.) que se farán, maioritariamente, en horario lectivo. Fóra da aula, cada estudante deberá realizar tarefas previas, como por exemplo, as lecturas, pero tamén de búsqueda de información, elaboración de esquemas, procesos de revisión e edición, etc.
Seminario	Nas horas adicadas a T.G.R. centrarémonos en profundizar na discusión e exposición oral e escrita, de xeito razoado, como corresponde a este entorno académico, das interpretacións xeradas polas lecturas e a aprendizaxe levada a cabo nas clases de D.E. e D.I.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario Traballos tutelados	Nos seminarios desenvolveranse actividades en grupos reducidos, mais tamén se diseñarán con especial atención outras individuais. O profesorado supervisará o traballo de cada estudante durante estas actividades especialmente. Recoméndase que cada estudante utilice as horas de titoría para profundizar en calquera cuestión relacionada coa materia e que alomenos acuda a unha titoría individual durante o curso para discutir o seu progreso.

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	Englóbense nesta categoría todas aquelas actividades individuais ou grupais realizadas na clase ou fóra dela e que se anuncien como puntuables: resumos, exposicións orais, análises de texto, revisións, etc. Terán lugar nas clases de D.I. e T.G.R., polo que todas serán cuidadosamente supervisadas polo profesorado.	30
Sesión maxistral	Ademáis de nos traballos e actividades feitos ao longo do curso e avaliados nas outras categorías, cada estudante terá que amosar o seu dominio dos contidos e destrezas definidos para esta materia nunha proba escrita a se realizar na data oficial do exame final. Deberase obter unha cualificación mínima de 4 sobre 10 para que a nota resultante poida ser sumada á obtida no resto das actividades avaliadas.	50
Lecturas	Como xa se explicou, as lecturas son a base na que se sustenta o éxito do curso e no curso. Sen elas, non é posible acceder a ningunha das outras tarefas, polo que inciden no 100% da nota de cada estudante. Para incentivar o esforzo continuado coas lecturas asignadas, haberá tests de lectura.	10
Discusión dirixida	O profesorado valorará o compromiso diario de cada estudante coa súa aprendizaxe, tendo en conta a súa participación activa nas actividades individuais, así como a súa actitude colaborativa nas tarefas a desenvolver en grupo, e a atención prestada ás explicacións por parte do profesorado e do resto do alumnado.	10

Observacións avaliación

Todos os traballos e actividades deberán ser entregados en tempo e forma para así evitar unha penalización do 25% sobre a nota obtida nos mesmos. Obterase una calificación de "non presentado" por non acudir ao exame e/ou por ter completado traballo de curso que represente unha porcentaxe inferior ao 50%. A oportunidade de avaliación en xullo constará de dous apartados: 1) unha proba escrita que avaliará o dominio dos contidos impartidos durante o ano e que computará o 50% da nota; 2) as actividades que se especifiquen no seu momento, que se deberán entregar na data do exame e que contarán o outro 50% da nota. O alumnado matriculado a tempo parcial e que teña concedida unha dispensa académica deberá porse en contacto co profesorado da materia a principio de curso para planificar, en cada situación concreta e individual, os axustes necesarios na avaliación, no tocante as porcentaxes de "Discusión dirixida", "lecturas" e "traballos tutelados".

Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Literatura Inglesa 2/613G01017

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Introdución aos Estudos Literarios/613G01005

Lingua Inglesa 2/613G01008

Materias que continúan o temario

Lingua Inglesa 1/613G01003

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías